

X. M.^a ÁLVAREZ BLÁZQUEZ, HISTORIADOR DA CIDADE DE VIGO

Xosé R. Barreiro Fernández

Da Real Academia Galega e
da Universidade de Santiago de Compostela

Non gocei, e ben que o sinto, da intimidade con X. M.^a Álvarez Blázquez. Conservo del algunhas cartas, ben agarimosas por certo, agradecéndome a cesión e uso dalgúns documentos que lle procurei. Merquei algúns libros na súa tenda cando por algúns meses fun profesor do Colexio Universitario de Vigo e vendo o que eu elixía e o que lle preguntaba sobre libros fitoume cunha mirada profunda coma descubrindo en min unha alma xemelga da paixón bibliográfica.

Estes breves contactos son insuficientes para intimar cunha persoa aínda que el coñecía a miña obra e, por suposto, eu a súa.

Explico iso para que o lector deste artigo entenda que os xuízos e valoracións que eu faga da obra histórica de X. M.^a Álvarez Blázquez non están mediatizados e moito menos condicionados pola intimidade ou pola amizade.

1. AS HISTORIAS DA CIDADE DE VIGO

A poboación de Vigo está ausente das obras históricas escritas e publicadas nos séculos XVI e XVII cunha intención apoloxética do Reino de Galicia fronte á desmesurada campaña iniciada na Corte contra Galicia e os galegos¹. Molina só cita Vigo nunha ocasión e de pasada², desaparece totalmente da obra manuscrita dos irmáns Fernández Boán³, e as referencias a esta cidade son practicamente inexistentes nas obras do P. Gándara⁴.

Parece ser que a finais do século XVI alguén redactou unha sumaria descrición da vila, sen achega documental ningunha, que foi utilizada polo P. Flórez pero que se perdeu⁵.

Da escasa entidade da poboación de Vigo nestes dous séculos faise eco X. M.^a Álvarez Blázquez:

Recorriendo con espíritu crítico las páginas de nuestra historia, muchas veces nos encontraremos ante la evidencia de que a Vigo le faltó muy poco para ser borrado del mapa: pestes desoladoras, hambre, invasiones, incendios e incluso la destrucción total, a manos de las vesánicas huestes de Drake, fueron otras tantas ocasiones en que la vida de Vigo era apenas un hilo, un sopló, un aliento, una elemental y terca voluntad de permanecer.⁶

As investigacións demográficas da profesora González Muñoz coinciden bastante con esta literaria apreciación do noso autor⁷. Por iso os vigüeses non se deberían escan-

dalizar do xuízo que formula Murguía referíndose ao Vigo anterior ao seu crecemento, cando o definiu como “el pequeño burgo sin gente y sin historia”⁸.

De todas as maneiras, que unha vila que xogou un papel moi importante na guerra contra Portugal e que foi o berce de trovadores e poetas na Idade Media non merecera atención ningunha dos historiadores e non producira un intelectual que cantara ou explicara a súa historia é un enigma para os historiadores. Pero os poetas ás veces resollen mellor os enigmas que os propios historiadores, coma cando X. M.³ Álvarez Blázquez e Álvaro Cunqueiro no prólogo á grande obra *Vigo en su historia*⁹, e referíndose precisamente a esta cuestión nos din que “parece que al hombre gallego [neste caso ao pobo de Vigo] le importa más vivir la historia que detenerse a relatarla”.

1.1. A HISTORIA DE TABOADA LEAL

En decembro de 1840 e nos talleres composteláns de La Viuda e Hijos de Compañel imprimiuse a primeira historia de Vigo¹⁰, *Descripción topográfico-histórica de la ciudad de Vigo, su ría y alrededores*¹¹.

A coincidencia de determinados fenómenos lévanos aos historiadores a pensar que esta non é produto do azar senón de causas determinantes. Que entre 1840¹² e 1865 se redacten sete historias locais, as da Coruña¹³, Pontevedra¹⁴, Ferrol¹⁵, Tui¹⁶, Santiago¹⁷, Viveiro¹⁸ e mais a citada de Vigo, revela unha preocupación, un afán por dar a coñecer os méritos de cada unha destas cidades. E iso por que?, pois porque é nese período cando se está construíndo o novo estado liberal e a rede administrativa das provincias e das capitais está aínda por definir ou consolidarse. Pensemos, de feito, que a historia de Taboada Leal aparece xusto no momento en que, grazas a un pronunciamento militar, Vigo volve ostentar a capitalidade da provincia, aínda que por pouco tempo. Pola súa parte, Santiago, que fora desposuída de todo poder administrativo e quedara só como cabeceira dun xulgado de primeira instancia, loitaba por recuperar polo menos unha capitalidade provincial a conta, en parte, da Coruña e, en parte, de Pontevedra.

Por iso estas historia locais están deseñadas e construídas cun dobre obxectivo: o de amosar o seu afervorado liberalismo e o de ofrecer datos que destaquen a súa modernidade e capacidade para xestionar administrativamente o seu territorio.

Cos matices propios de cada autor, as obras reproducen o esquema que Taboada Leal lle deu á historia de Vigo: marxinação da historia política, relixiosa e nobiliaria¹⁹, e atención prioritaria aos temas da poboación, comercio, industria, educación e mais unha moi selecta relación de homes ilustres entre os que se procura destacar as persoas de acción, que aparecen como exemplos a imitar e símbolos da cidade.

É moi revelador do que estamos a dicir o esquema da historia de Taboada Leal:

1. Descrición topográfica da poboación de Vigo.
2. Datos estatísticos sobre os nacementos e a mortalidade da poboación de Vigo.
3. Noticias sobre o proxecto da nova poboación.

4. Descrición da ría de Vigo.
5. Descrición das illas de San Simón e San Antonio.
6. Descrición xeral do país e arredores de Vigo.
7. Producións do país.
8. Camiños de comunicación do territorio.
9. Noticias xerais sobre a historia política da cidade.
10. Noticias sobre varios homes ilustres.

Evidentemente estamos ante unha nova concepción da historia local na que só 60 páxinas (das 230 do libro) estudan a historia política, relixiosa, militar e nobiliaria desta cidade.

1.2. A HISTORIA DE VIGO Y SU COMARCA DE JOSÉ DE SANTIAGO Y GÓMEZ

No ano 1896 publicouse en Madrid a obra *Historia de Vigo y su comarca*²⁰ da autoría de José de Santiago y Gómez. Con esta obra recupérase o método tradicional, prescindido de todas as referencias económicas, climáticas e industriais, agás unha introdución de 33 páxinas que é unha descrición xeolóxica e xeográfica de Vigo e a súa comarca.

O autor, que naceu en Vigo, era xenro do escritor Xosé María Posada e tamén o depositario da súa obra, o que explica que prologase o libro do seu sogro, publicado por Martínez Salazar no ano 1888²¹. Estudou dereito en Santiago e Madrid, cidade na que residiu habitualmente. Atraído pola vocación de historiador máis ca pola de avogado, recolleu, segundo di, nos arquivos da capital a información para a elaboración deste libro e outro, en colaboración con Ulpiano Nogueira sobre Bayona²². Posteriormente dedicouse a temas lingüísticos e filosóficos.

Dixemos antes que o libro tiña unha estrutura tradicional: ademais da Introdución, á que xa nos referimos, a obra está dividida en tres partes:

Orixes. Pobos que habitaron Galicia ata a invasión xermánica.

Vigo durante a Idade Media... ata o advenimento dos Borbóns.

Dende a dinastía dos Borbóns ata finais do século XIX.

A historia de Santiago y Gómez é preferentemente política e militar. Narra con todo detalle as batallas, os combates navais e a participación das autoridades militares e políticas nos acontecementos. Asemade introduce valiosos documentos, especialmente dos séculos XVII e XVIII, localizados nos arquivos centrais que contribúen a enriquecer o relato.

Chega no seu percorrido ata a Restauración, é dicir, queda xusto no momento en que Vigo se vai converter na gran cidade galega do sur.

A acumulación de datos fai imprescindible o uso desta historia na que se retrata o propio autor como un intelectual conservador, moi relixioso e francamente monárquico.

1.3. OUTRAS ACHEGAS HISTÓRICAS

Sen pretensión ningunha de exhaustividade, temos que referirnos a algunha outra obra que antecede ao período no que X. M.^a Álvarez Blázquez se converte no grande historiador da cidade.

Con máis paixón que información apareceu no ano 1878, dous anos despois de morrer o autor, a obra *Monografías de Vigo* de Teodosio Vesteiro Torres. Para nós é un misterio a fama e o éxito obtido por este autor, de sempre considerado como un grande historiador e un valioso crítico galego. A lectura das súas obras non avala tales xuízos, como no seu día xa denunciara Murguía.

A obra citada, que era unha especie de homenaxe de Vesteiro á cidade onde nacera, non engade nada novo ao que xa era sobradamente coñecido.

Na posguerra destacou a obra do farmacéutico e cronista oficial de Vigo José Espinosa de los Monteros y Rodríguez, ou José Espinosa Rodríguez que é como ás veces reduciu o seu heráldico apelido.

No ano 1938 publicou en Santiago *Casas y cosas del Valle Miñor*, en 1944 *Bouzas* e no mesmo ano *El Valle de la Louriña: Bosquejo histórico*²³, e finalmente, no ano 1949 aparece o libro *Tierra de Fragoso. Notas para la historia de Vigo y su comarca*²⁴.

Esta obra non ten a pretensión de ser unha historia da cidade, senón que responde exactamente ao subtítulo “Notas para una historia de Vigo”, pero detense e estuda cuestións que habitualmente se marxinan, como a aristocracia de Vigo e a comarca, os templos e comunidades relixiosas e fai tamén un demorado estudo sobre a Guerra de Independencia en Vigo²⁵.

Estamos, pois, ante unha obra interesante, que fornece unha abondosa información pero que non é, nin o pretendeu, unha historia da cidade de Vigo.

2. AS ACHEGAS DE X. M.^a ÁLVAREZ BLÁZQUEZ Á HISTORIA DE VIGO

O 25 de xullo de 1910? desembarcaba en Vigo C. Gasquoine Hartley (Mrs. Walter M. Gallichan). Non era unha turista, era unha escritora a quen a grande editorial londiniense Stanley Paul encomendara a publicación dun libro sobre Galicia para completar a serie de cinco libros xa publicados sobre España.

Nada máis desembarcar en Vigo quedou sorprendida por dúas cousas: o traballo da xente e o optimismo da súa poboación:

More than any town in Spain it has the aspect of a place where the work of the people is carried on with happiness [...] Vigo has sunshine, flowers, a splendid harbour, vine-groves, beautiful tree-shaded walks [...]. She has everything that calls her workers out into the open air, and thus gives to men and women the main part of their chances of natural felicity.²⁶

En Vigo, di a autora, non hai paro, todos teñen traballo: “They workerd steadily” e só atopa un home que non está afanado no traballo e que, sentado, le un xornal:

[...] as we passed near a him. I saw the name of the paper: it was the Socialist journal of Vigo. Life was everywhere. And this impression of active occupation –an impression new to me in Spain– was increased when we made a brief visit to the fish-and-fruit market, which is held each morning along the quay, in the centre of the town. This market is the focus of the vivid life of the workers. It is the most animated scene I have ever witnessed.²⁷

Cando hai varios anos escribimos sobre a historia das cidades galegas dicíamos que o historiador tiña que captar o “espírito” de cada unha delas²⁸, que é o que as singulariza. Só os necios, aínda que sexan historiadores, poden interpretar literalmente estas palabras. O que se pretende dicir é que o clima, a localización xeográfica, o comercio, a industria, o traballo, os símbolos, o ocio etc. producen en cada cidade un estilo, unha forma de ser, que impregna o comportamento social. A iso se refería a paremia popular cando lle atribuía a distintas cidades de Galicia unha singularidade: mentres unhas rezan, outras se divirten etc., Vigo traballa.

Quen non capte este estilo propio de cada cidade pode amorear información pero non fai a historia dunha cidade e, por iso, é mellor que se dedique a outra cousa.

Á intelectual británica abondoulle con botar unha ollada de conxunto sobre Vigo para captar o que nesta cidade era singular: traballo, empresas, optimismo vital, e unha obstinada resistencia, ás veces tinguida de rebeldía, para saír dos atrancos e as disfuncións do sistema capitalista.

O lector debe ter en conta a singularidade do proceso de crecemento desta cidade: no ano 1860 contaba o concello con 11.070 habitantes, ninguén podería supoñer que este modesto asentamento costeiro se convertería nunha urbe marítima e cosmopolita, e en 1970 o concello máis poboado de Galicia.

Isto foi posible por unha forte inmigración que se viu atraída pola ampla oferta de emprego no sector industrial e de servizos, unido ademais a un alto crecemento vexetativo e á incorporación dos concellos de Bouzas (1904) e Lavadores (1941).

Esta nova cidade, a gran capital do sur de Galicia, precisaba dunha nova historia que captara o feito e, sobre todo, as causas deste fenómeno. Xa non lle servían as historias elaboradas no século XIX. E, sobre todo, necesitaba do historiador capaz de racionalizar este proceso. Atopouno en X. M.^a Álvarez Blázquez.

2.1. A HISTORIA DA CIDADE

As prospeccións arqueolóxicas, a investigación epigráfica, a localización e estudo das lápidas funerarias romanas, que foron obxecto de consideración neste congreso, a riquísima contribución á lírica medieval galega, así mesmo xa estudada²⁹, foron avances encamiñados nunha mesma dirección: dotar Vigo dunha historia propia e lexitimadora da súa contribución á historia de Galicia. Vigo era máis, moito máis que unha cidade empresarial e traballadora que achegaba unha parte substancial da riqueza do país. É

dicir, X. M.^a Álvarez Blázquez comprendeu que se impoñía a necesidade de tratar a historia de Vigo no seu conxunto.

O que para X. M.^a Álvarez Blázquez constitúe o “espírito” da cidade de Vigo, o seu sinal de identidade é o seu “ímpetu creador”³⁰, que foi unha constante na súa historia, porque

[...] la ciudad ha sabido establecer una escala de valores, en la que el primer peldaño se afirma en su capacidad tesorera de laborar, en su afán permanente de subir más alto, en su decidida voluntad de ser.³¹

Pasan as pestes e as invasións e os vigueses volven ao traballo “porque era preciso recuperar el pulso normal”. Homes e mar son a “razón generatriz de Vigo”, porque a vida viguesa “no termina en los muelles, sino que se prolonga sobre las aguas hacia todos los pueblos de la ría, forjando una cabal unidad económico-social”³².

No ano 1960 publica a súa primeira grande achega á historia desta cidade: *La ciudad y los días*³³.

Día a día e mes a mes aparecen nesta obra os máis importantes acontecementos que afectaron a Vigo.

Estamos ante unha obra que require un extraordinario esforzo: resumo de libros (que habitualmente cita o autor), información hemerográfica, e noticias procedentes de arquivos públicos e privados.

A confección do libro respondía a unha táctica moi pensada para evitar as poutas da censura: evitar os períodos máis convulsos (por exemplo non aparece referencia ningunha á Primeira República) e, sobre todo, evitar as referencias á Segunda República, e á Guerra Civil. Resólveo o autor pechando o período estudado en 1928³⁴ e facendo só unha incursión no ano 1934 para dar conta dunha orde do Ministerio da Mariña en que se lle concede ao enxeñeiro D. Manuel Moxó, licenza para rescatar da enseada de San Simón, os “tesouros” de Rande³⁵.

Aínda que a obrigada contención do autor lle impide manifestar o que pensa dos acontecementos, ás veces, unha fina ironía envolve o relato e predispón o lector a facer a súa propia esexese do escrito.

Se temos en conta que o texto apareceu primeiramente no xornal *Faro de Vigo*, xa se comprende a contención que se impuxo o autor tanto na selección das datas como no tratamento literario das mesmas.

O libro tivo un evidente éxito porque lles lembraba aos vigueses “sus glorias pretéritas, sus alegrías y duelos que muchas veces podrán tomarse como paradigmas de empresas futuras”³⁶. É dicir, era un libro escrito para reafirmar a identidade desta cidade, e, en certa maneira, para lexitimar historicamente o seu expansionismo.

2.2. VIGO EN SU HISTORIA

Era moi consciente X. M.^a Álvarez Blázquez de que a súa obra *La ciudad y los días* só era un feixe lampos de luz sobre miles de anos de supervivencia dunha poboación que fixera historia e tiña historia pero que ninguén ou moi poucos coñecían en forma lineal e mediante unha construción que abranguera os diversos períodos.

Tamén era consciente de que, polo que fora, a investigación histórica só afrontara reducidas parcelas, e a maior parte do proceso histórico estaba baldío.

Estas e outras cavilacións sobre a historia da cidade de Vigo levárono a publicar unha serie de oito artigos co título de “Cartas a mis hijos en torno a la historia de Vigo”³⁷. Estábase fraguando na mente de X.^a M. Álvarez Blázquez a confección dunha historia para a cidade.

Aproveitando o centenario da Caixa de Aforros Municipal de Vigo e a mediación eficaz do académico Franco Grande, xefe dos servizos xurídicos desta entidade e persoa moi sensible á historia, X. M.^a Álvarez Blázquez –co honorífico apoio de Álvaro Cunqueiro– encetou a preparación dunha obra que encherá este baleiro.

Atopouse coa realidade: só estaba investigado o período da Idade Moderna (demoografía e economía) grazas á tese de doutoramento da profesora González Muñoz, todo o demais tiña que ser elaborado aproveitando as investigacións que, con diferentes motivos, fixeran outros autores.

Reservou para si X. M.^a Álvarez Blázquez, ademais da coordinación de todo o libro, a Idade Media, porque non atopou ninguén que a investigara, o século XIX, a prensa periódica de Vigo e a nómina de escritores vigueses.

Encomendoulle ao profesor Fernando Acuña Castroviejo o estudo do período antigo, á profesora González Muñoz a Idade Moderna ata o século XVIII. Este século foi tratado polo grande investigador Antonio Meijide Pardo, na súa parte económica. Por certo, nunca entendín como Meijide Pardo, que era un intelectual tan libre, que xamais quixera comprometerse con ningún proxecto que marcara o seu calendario de traballo, aceptou este encargo. Moita debía ser a afinidade con X. M.^a Álvarez Blázquez.

Odriozola, o mellor investigador da imprenta galega, estudou coa súa habitual mestría a imprenta en Vigo.

Finalmente, o arquitecto Xosé Luís Pereiro trazou a evolución do urbanismo vigués contemporáneo e Arturo Conde e Gabriel Santos estudaron a arquitectura viguesa ata 1936.

Tamén o libro contou coa achega do profesor Bango Torviso, que estudou as igrexas románicas da comarca de Vigo.

O libro *Vigo en su historia* foi, no seu conxunto, e á marxe das limitacións a que nos referiremos máis adiante, unha grande obra que honra a cidade.

Interésanos agora destacar a participación do noso autor nesta obra.

2.2.1. O tratamento da Idade Media

Ao carecer de investigacións básicas sobre Vigo na Idade Media o noso autor resolveu o problema dividindo a súa narración en catro partes: na primeira, traza o perfil urbano de Vigo asentado en dúas zonas illadas: nas abas do Castro, onde se erguería o castelo do Penso, e na praia do Areal, base principal do comercio e da industria, cuxa poboación se refuxiaría no Castro en caso de ataques por mar.

Na segunda estuda os trobadores da ría, tema que o fascinaba³⁸. Na terceira, recolleu todas as referencias que puido atopar sobre documentación medieval referida a Vigo dende o ano 915 ata 1497, en total 52 documentos dos que elabora unha ficha cos principais contidos de cada un deles.

Finalmente, e para cubrir a Baixa Idade Media utiliza unha crónica que atopou de finais do século XVI, copiada no século XVII, da familia dos Pazos de Probén. O estilo literario da crónica permitiulle unha recreación máis literaria que histórica pola que deambulan os Alonso de Figueroa, señor de Pazos de Probén, o señor de Valadares, Tristán de Montenegro e, por suposto, o conde da Camiña, Pero Álvarez de Soutomaior, é dicir, D. Pedro Madruga, quen entre devastacións e incendios non dubida en mandar queimar un “cofre lleno de libros y papeles antiguos de mucho valor que el obispo de Osuna, D. Rodrigo de Pazos de Probén había ayuntado de las iglesias y archivos de Galicia”.

2.2.2. O tratamento do século XIX

X. M.^a Álvarez Blázquez era un gran coñecedor do século XIX vigués. A lectura dos xornais vigueses e dos libros e folletos referidos a Vigo permitíronlle ter unha idea moi exacta do proceso de crecemento da cidade unha vez que racha coas cinchas das murallas que a aprisionaban. Nos seus cadernos ou na súa memoria ía anotando este crecemento e coñecía de primeira man as soldaduras que deixaba a nova arquitectura e o novo urbanismo no plan da cidade. E as unións ou soldaduras eran precisamente as que lle permitían ao autor describir cunha extraordinaria precisión o antes e o despois da modernización de Vigo.

No libro *Vigo en su historia* aproximouse ao século XIX dende tres perspectivas: a través da historia social e política³⁹, a través da historia do xornalismo⁴⁰ e a través da final nómina de escritores vigueses⁴¹ na que aparecen 119 personalidades, das que o 90% pertencían ao século XIX.

O gran reparo que se lle pode facer a esta historia de Vigo é que concluíra no ano 1900, furtándolles aos lectores todo o século XX: as loitas políticas e sindicais, a ditadura de Primo de Rivera, a República, a Guerra Civil e o franquismo. É coma se cun coitelo se cortase o proceso histórico da cidade, que queda así inconcluso e inexplicable.

E non esquezamos que X. M.^a Álvarez Blázquez foi o arquitecto desta obra, foi quen a soñou e quen a fixo posible. Correspóndelle, pois, unha responsabilidade que tratamos de explicar.

A obra apareceu no ano 1980, aos cinco anos da morte do ditador, e podería argumentarse que non había razóns obxectivas para exercer esta autocensura. Quen así o pense demostra non coñecer a realidade dunha transición que se inicia nestes anos pero que foi lenta e contraditoria. O lector debe ter en conta que a morte de Franco nin desactivou aos poderes fácticos nin converteu maxicamente os franquistas en demócratas. E a Caixa de Aforros Municipal de Vigo, que subvencionou esta obra, era un destes poderes e se estaba disposta a subvencionar unha obra desta categoría non admitía, en troques, que o seu contido molestase a un elevado número dos seus clientes principais.

Por iso se tomou a resolución drástica de deixar fóra todo o século XX.

Engádase a todo isto que a transición non significou un repentino cambio das leis máis sensibles, como a lei de imprenta. A censura previa fora eliminada por Fraga no ano 1962, pero no seu lugar dispúxose unha batería de decretos e limitacións que permitían en calquera momento paralizar unha obra ou abrir aos autores ou editores un expediente.

Finalmente, os gobernadores foron investidos de poderes especiais para facilitar unha transición pacífica, poderes que eles interpretaron cada un á súa maneira e que, por iso, foron unha sombra constante para os que decididamente apostaran pola democracia e a liberdade.

Se a todo iso unimos o medo, un medo ás veces paralizante, obsesivo, que especialmente sentían aqueles que foron perseguidos, podemos completar o cadro explicativo da ausencia de todo o século XX nesta grande obra⁴².

NOTAS

- 1 Caramés Martínez, Xesús (1993): *A imaxe de Galicia e os galegos na literatura castelá*. Vigo: Galaxia.
- 2 Molina, Bartolomé Sagrario de (1550): *Descripción del Reyno de Galicia por el Licenciado Bartolomé Sagrario de Molina*. Mondoñedo, fol. XXV.
- 3 *A Historia de Galicia*, dos irmáns Fernández Boán (Pedro e Xoán), permanece inédita. Temos un exemplar desta obra, en texto copiado probablemente no século XIX, e descoñecemos se queda algún outro exemplar.
- 4 As razóns desta ausencia poden ser as seguintes: escasa poboación da vila de Vigo a consecuencia das invasións dos normandos, piratas etc.; a ausencia dun poder eclesástico e nobiliario que constituía o eixo destas historias apoloxéticas; e a fixación que daquela tiñan os autores con Baiona á que consideraban a fortaleza do sur de Galicia.
- 5 Álvarez Blázquez, X. M.³ (1977): “Prólogo” á ed. facsimilar *Descripción topográfico-histórica de la ciudad de Vigo, su ría y alrededores / por Nicolás Taboada y Leal*. Vigo: Concello de Vigo, p. VII.
- 6 Álvarez Blázquez, X. M.³ (1986): “El ímpetu creador”, en *La Ciudad y los días. Calendario histórico de Vigo*. Vigo: Concello de Vigo, 2³ ed., p. IX.
- 7 González Muñoz, M.³ del Carmen (1980): “Vigo y su comarca en los siglos XVI y XVII” en Álvaro Cunqueiro e Xosé M.³ Álvarez Blázquez (coords.): *Vigo en su Historia*. Vigo: Caja de Ahorros Municipal de Vigo, pp. 153-276.

- 8 Murguía, M. (1888): *Galicia*, Barcelona, p. 753.
- 9 González Muñoz, M.^º del Carmen (1980): *Op. cit.*
- 10 Se a obra safu dos talleres de Compañel en Santiago en decembro de 1840, como se indica na portada, quere dicir que a composición da obra debeu iniciarse varios meses antes e nese intre non había en Vigo ningunha imprenta. Si que hai xa imprenta en outubro de 1840, cando Higuiereta traslada dende A Coruña parte do seu taller a Vigo para publicar o *Boletín da Provincia de Vigo* (cfr. Odriozola, Antonio e Xosé R. Barreiro Fernández (1992): *Historia de la imprenta en Galicia*. A Coruña: La Voz de Galicia, pp. 344-345).
- 11 Hai unha reedición facsimilar desta obra, propiciada por X. M.^º Álvarez Blázquez e subvencionada polo Concello de Vigo, publicada nesta cidade en 1977. No prólogo, escrito por X. M.^º Álvarez Blázquez, hai unha noticia biográfica de Taboada Leal, natural de Viveiro, pero que exercía de médico en Vigo.
- 12 Con anterioridade a esta data xa Claudio González Zúñiga publicara unha historia local de ámbito provincial: *Descripción económica de la provincia de Pontevedra y mejoras de que es susceptible su industria agrícola, fabril y comercial*. Pontevedra, 1834.
- 13 Vedia y Goossens, Enrique de (1845): *Historia y descripción de la ciudad de La Coruña*. A Coruña.
- 14 González Zúñiga, Claudio (1846): *Historia de Pontevedra*. Pontevedra; e González Zúñiga, C. (1848): *Descripción geográfica, estadística e histórica de la ciudad capital de Pontevedra y sus hombres célebres*. Pontevedra.
- 15 Montero y Aróstegui, José (1859): *Historia y descripción de la ciudad y departameto naval del Ferrol*. Madrid.
- 16 Ávila y Lacueva, Francisco, *Historia civil y eclesiástica de la ciudad de Tuy y su obispado*, (esta obra escrita entre 1839 e 1852 permaneceu inédita ata 1995 en que o Consello da Cultura Galega a publicou en forma facsimilar). Esta é a única historia local que non encaixa no modelo que estudamos. É, antes que nada, unha historia do bispado de Tuy dende a perspectiva eclesiástica.
- 17 Sen ser historias propiamente locais, poden incluírse neste apartado as obras de Moreno Astray, Félix (1863): *Santiago pintoresco, monumental, artístico y literario*. *Historia de la ciudad compostelana*. Santiago de Compostela; e tamén Moreno Astray, Félix (1865): *El viajero en la ciudad de Santiago*. Santiago de Compostela.
- 18 Araújo, Jacobo de (1854): *Descripción topográfica de la villa de Viveiro y sus cercanías*. Pontevedra. Esta obra breve apareceu como apéndice do seu *Bosquejo histórico, político y religioso del Antiguo Reino de Galicia*. Pontevedra, 1 de xuño de 1854, imprenta de la Viuda e hijos de Vereá. O Dr. Fausto Galdo “Xacobe Araújo e a súa Guía de Viveiro”, *Heraldo de Viveiro*, 29 de xaneiro de 1993 estuda esta achega histórica, que considera menor.
- 19 Agás da obra xa citada de Ávila y Lacueva.
- 20 Santiago y Gómez, José de (1896): *Historia de Vigo y su comarca*. Madrid: Imp. del Asilo de Huérfanos del S. C. de Jesús. Con 595 páxinas e un mapa con cores ao final e unha litografía co retrato do autor.
- 21 Posada y Pereira, José María (1888): *Poesías selectas*. A Coruña: Andrés Martínez. Introducción de Santiago y Gómez (que asina en Madrid o 14 de maio de 1888), pp. V-X.
- 22 Santiago Gómez, José de e Ulpiano Nogueira (1902): *Bayona antigua y moderna*. Madrid: Imp. del Asilo de Huérfanos del S. C. de Jesús.
- 23 Vigo: Caja de Ahorros Municipal de Vigo.
- 24 Vigo: Talleres de Faro de Vigo.
- 25 A cidade de Vigo conmemorou neste ano 2009 o segundo aniversario dun acontecemento no que a cidade foi a gran protagonista. Celebráronse ciclos de conferencias e unha magnífica exposición sobre a Guerra de Independencia en Galicia. Foi X. M.^º Álvarez Blázquez quen no ano 1978 fixo posible a publicación do manuscrito de Estrada Catoyra, *Reseña de la Reconquista de Vigo*, que parecía destinado a permanecer inédito dende comezos do século XX. A publicación desta obra foi posible, en primeiro lugar, polo empeño do neto do autor, D. Julio Estrada Nérida, farmacéutico en Palencia, quen lle pregou a X. M.^º Álvarez Blázquez que fixese o posible para a edición desta obra. Así sucedeu. A edición do manuscrito leva un Prólogo e unha ampla Bibliografía a cargo de Xosé María Álvarez Blázquez, quen conseguiu ademais que financiara a edición o Banco Industrial de Bilbao. Debeuse facer unha tirada moi reducida porque hoxe é xa unha peza moi rara.
- 26 Gasquoine Harthley, C., (Mrs. Waltr M. Gallichan) (1911): *Spain revisited. A summer holiday in Galicia*. London: Ed. Stanley Paul et Co, p. 29.
- 27 *Ibidem*, p. 30. Sen dúbida o xornal era *Solidaridad*, socialista, que dirixía Heraclio Botana o gran líder do socialismo vigués.
- 28 Barreiro Fernández, Xosé R. (1986): *Historia de la ciudad de La Coruña*. A Coruña: La Voz de Galicia, p. 11 (“Introducción”); e tamén (1996): “Historiografía de la historia local gallega”, en

- Joseba Aguirreazkuenaga (coord.): *Perspectivas de Historia Local: Galicia y Portugal*. Bilbao: Universidad del País Vasco, pp. 51-76.
- 30 Álvarez Blázquez, Xosé M.³ (1998): *Martín Codax, cantor do mar de Vigo*. Edición, notas e fixación de textos de Xosé R. Pena. Vigo: Edicións Xerais de Galicia. Unha edición moi fermosa. A obra fora publicada en 1962 por Álvarez Blázquez, *Martín Codax: cantor del Mar de Vigo*. Vigo: Tip. Regional.
- 31 Así titula a introdución á obra *La ciudad y los días*. Citamos pola edición: Álvarez Blázquez, Xosé M.³ (1986): *La ciudad y los días. Calendario histórico de Vigo*. Vigo: Concello de Vigo.
- 32 *Ibidem*, p. IX.
- 33 *Ibidem*, p. X.
- 34 Álvarez Blázquez, Xosé M.³ (1960): *La ciudad y los días. Calendario histórico de Vigo*. Vigo: Ed. Monterrey. No ano 2008 e con motivo de dedicarlle a Real Academia Galega o Día das Letras Galegas a Xosé M.³ Álvarez Blázquez, Edicións Xerais de Galicia publicou a tradución ao galego desta obra: Álvarez Blázquez, Xosé M.³ (2008): *A cidade e os días: calendario histórico de Vigo*. Vigo: Edicións Xerais de Galicia. Tradución de Manuel Bragado e Xosé Pablo Sánchez Mato.
- 35 (11 de maio de 1928) para dar conta da chegada Vigo de Marconi e da súa dona. Álvarez Blázquez, Xosé M.³ (1986): p. 193.
- 36 (18 de xullo de 1934). Álvarez Blázquez, Xosé M.³ (1986): p. 298. A data máis antiga que aparece no libro é a de 60 a. C. cando describe, tomado de José de Santiago y Gómez, unha suposta presenza de Julio César na ría.
- 37 *Ibidem*, p. 549.
- 38 *Faro de Vigo*, do 22 de maio de 1962 ao 18 de xullo de 1962.
- 39 Álvarez Blázquez, Xosé M.³: cfr. nota 29. E tamén (1975): *Escolma de poesía medieval*. Vigo: Ed. Castrelos.
- 40 Cunqueiro, Álvaro e Xosé M.³ Álvarez Blázquez (coords.) (1980): *Vigo en su historia*. Vigo: Caja de Ahorros Municipal de Vigo, pp. 366-457.
- 41 *Ibidem*, pp. 493-562.
- 42 *Ibidem*, pp. 637-652.
- 43 Permítame o lector comparar estas afirmacións co que a min me sucedeu naqueles anos e que por unha especie de pudor (que neste intre entendo que carece de sentido) ocultei ata hoxe. No ano 1979 a A.N.P.G. publicou unha *Historia de Galicia*, na que colaborei. Nada máis aparecer o libro púxose en funcionamento o sistema represivo: o P. Francisco Carballo foi expedientado polo seu texto, descoñezo se foi

procesado, e prohibiuse a distribución do libro. O Presidente da Caixa de Aforros de Santiago, o catedrático D. Manuel Lucas Álvarez, preparou de inmediato outra *Historia de Galicia* que publicou unha editorial andaluza, integramente subvencionada pola Caixa de Santiago e que tiña a pretensión de ser unha antítese da anterior *Historia* da A.N.P.G. A súa distribución aproveitou a demanda que non podía cubrirse pola prohibición da primeira historia aparecida. Estou seguro de que algúns dos cooperadores desta historia da Ed. Alhambra descoñecían o que había detrás. Outros si que o sabían. No ano 1980 a editorial catalá Nauta preparou a obra *Galicia Eterna* e encargoume a min a redacción da historia contemporánea. O que posiblemente se ignore é que D. Manuel Lucas Álvarez, sempre como Presidente de Caixa de Santiago, mercoulle á editorial os dereitos para facer unha reedición da obra e na que, sen permiso dos autores, se introduciron correccións, se puñon expresións críticas e, no meu caso, o atrevemento chegou a poñer como da miña autoría dous folios nos que cantaba as loas dun futuro goberno de Fraga en Galicia. Cando souben desta violación, acudín á editorial Nauta que foi quen me explicou que a reedición fora realizada pola Caixa de Aforros. Aconselleime a propia editorial que, xa que tiñan pensado sacar outra edición, aparecida en 1988, podía denunciar o sucedido. E así o fixen nunha nota na que dicía que na segunda edición "manos extrañas, y sin la suficiente sensibilidad intelectual introdujeron párrafos, bajo mi firma, que ni me pertenecen ni puedo asumir en cuanto significaban valoraciones políticas en favor de determinados líderes que no corresponden ni a mi compromiso político ni al buen gusto que debe presidir una obra intelectual". Finalmente e como síntoma da presión que nesa época exercían os gobernadores, narro o sucedido co de Ourense, que penso que se chamaba Cordero ou algo así. Estaba celebrando en Trasalba a festa de D. Ramón cando se me acercou Carlos Casares dicíndome que o gobernador de Ourense, amigo seu, quería coñecerme. Por delicadeza fun eu a saudalo, sen agardar a que viñese el e, nada máis sentarme, espétoume que estaba lendo unha das miñas obras e que dubidaba se denunciarme ante os tribunais. A tan cordial recibimento só contestei que me explicara as causas. E díxome: vostede di que moitos dos afiliados da UCD foron pistoleiros falanxistas no 36. Iso en primeiro lugar, e en segundo: vostede dálle á súa obra un ton sepa-

ratista que non se pode consentir. Contesteille que en canto ao primeiro punto se quería mandáballe a lista dos concelleiros e alcaldes que foran pistoleiros e citeille o nome de dous alcaldes. Polo que respecta ao segundo, díxenlle que cando a UCD xa non fose máis que papel de hemeroteca, este país subsistiría e

seguiría buscando o seu camiño. Xa de volta ao meu lugar díxenlle ao Casares que elixise mellor os amigos. Que eu saiba, o gobernador non debeu tomar providencias pero a presión estaba aí. Os poderes fácticos e os poderes represivos funcionaban aínda á altura de 1984-1985.